



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.

Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES

Cuiñas Gómez, Íñigo
Pillado González, Esther
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén

PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Bueno Alonso, Jorge Luis
Collazo Fernández, Antonio
García Fontán Soledad
Llamas Nistal Martín
Pino García, Antonio
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B

ESTUDANTES

Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
López Rodríguez, Andrea
Moldes Pita, Óscar
Rivera González, Paula
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Castro Cerceda M^a Luisa
Fernández Prieto, Marta
García Señorán, María del Mar
García-Pintos Escuder Adela
García Vázquez, Xosé Manuel
Gómez Fraiz, Santiago
González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro
Meana Martínez Juan Carlos
Rivo López Elena
Rodríguez Varela, Diego
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique
Vallejo Pousada Rafael

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 19 de xuño de 2017, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:35 h do día **19 de xuño de 2017** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 20 de marzo de 2017 e extraordinaria do 11 de maio de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Informe do vicerreitor do Campus de Ourense sobre o proceso de especialización do Campus da Auga no ano 2016.
4. Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra sobre o proceso de especialización do Campus Crea S2i no ano 2016.
5. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2016.
6. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2016.
7. Aprobación, se procede, da afectación da remanente de libre disposición correspondente ao expediente do edificio institucional no Casco Vello.
8. Aprobación, se procede, da modificación do regulamento para a liquidación e tramitación de indemnizacións por razón de servizo aprobado no Consello de Goberno do 16 de decembro de 2016.
9. Aprobación, se procede, da concesión administrativa para o uso privativo, pola Universidade de Vigo, do edificio sito no nº 105 da rúa Conde de Torrecedeira (propiedade nº 189 do IMBD).
10. Aprobación, se procede, de nomeamento e/ou de prórroga de profesorado emérito.
11. Aprobación, se procede, de suspensión de contrato de PDI laboral.

12. Aprobación, se procede, dun recoñecemento docente especial ao profesor Santiago Lago Peñas como representante de Galiza na Comisión para a reforma do financiamento autonómico.
13. Aprobación, se procede, da modificación técnica da Normativa de Permanencia.
14. Transformación, se procede, do Club Deportivo Universidade de Vigo nunha sección deportiva.
15. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración para a promoción de actividades culturais ou deportivas.
16. Aprobación, se procede, do Regulamento do Patrimonio.
17. Aprobación, se procede, da Normativa de cesión de espazos.
18. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias do Mar.
19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Memorando específico de colaboración entre a Universidade de Vigo coa Universidade de Cabo Verde para a colaboración no proxecto EMPREAMAR CV – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Tifari (República Árabe Saharaui Democrática) – Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Universiti Sains Malasia* – Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e *The Center For Water Research And Technology* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo para a colaboración no desenvolvemento das actividades da rede de investigación "TECANDALI" – Convenio de colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de Morelos* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université de Moncton* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico do Cávado e do Ave* – *Co-operatlon framework agreement between the Universidade de Vigo and Rajalakshmi Institutions* – *Specific agreement between the Universidade de Vigo (spain) and Rajalakshmi Institutions for students' exchange* – Convenio marco de colaboración interinstitucional entre o *Instituto Nacional de Pesca del Ecuador* e o Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar" – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster universitario en Xeoinformática.
20. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI.
21. Rogos e preguntas.

O reitor inicia a sesión citando os membros do Consello de Goberno que xustifican a súa ausencia, relacionados á marxe desta acta, incluíndo ao vicerreitor de Economía e Planificación, ausente por motivos de saúde.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 20 de marzo de 2017 e extraordinaria do 11 de maio de 2017.

Ao non haber alegacións, apróbanse por asentimento.

2. Informe do reitor.

Inicia o seu informe cunha mensaxe de apoio ás familias das vítimas e a Portugal que está a atravesar difíciles momentos polo incendio forestal que está a asolar parte do país. Engade que estes sucesos volven a poñer de manifesto a necesidade da colaboración entre os dous países ao longo da rexión interfronteiriza.

E subliña que a loita contra dos incendios foi un dos temas abordados na 29ª cimeira Luso-Española en Vila Real que se levou a cabo os días 29/30 de maio, e que se centrou na cooperación transfronteiriza en diversos aspectos. Destaca a elaboración dunha axenda de investigación estratéxica para o Atlántico integrando as áreas de Espazo, Clima-Enerxía, Océanos e Ciencias de Datos, que servirá como soporte do futuro Centro Internacional de Investigación do Atlántico (AIR Center) previsto nas Azores. Comenta a implementación Axenda Ibérica do Coñecemento e Ensino Superior entre CRUP e CRUE, que xa foi trasladada aos presidentes de ambos países. Da conta tamén da creación da sub-rede de universidades dentro da RIET (Red Ibérica de Entidades Transfronterizas) que engloba as universidades de Huelva, Salamanca, Tras-os-Montes e Alto Douro, Vigo, Politécnico de Leiría, Évora e Aveiro, que xa está a traballar no deseño de accións conxuntas para presentar un proxecto na segunda convocatoria do Programa POCTEP. Explica que esta sub rede vai estar coordinada e vai colaborar coa de estudos eurorexionais e coa da CRUSOE, presididas pola Uvigo. Como exemplos desa colaboración cita o programa Iacobus e o éxito nas convocatorias das que destaca a concesión de 10 proxectos na convocatoria POCTEP, 2 na Espacio Atlántico e 1 proxecto en SUDOE, para a Universidade de Vigo.

No seguinte punto do seu informe da conta das actividades desenvolvidas no marco da CRUE. Comeza referindo que a sectorial Crue-I+D+i está a elaborar, xunto co MINECO, o estatuto do persoal investigador en formación. E da emisión dun comunicado no que se manifesta preocupación polas dificultades na xestión e xustificación dos proxectos de investigación, e o envellecemento das infraestruturas científicas nas universidades pola falta de financiamento específico nos últimos anos. Da conta tamén das xornadas de Secretarías Xerais en Sevilla xunto nas que se abordaron, entre outros, temas como a reserva de prazas de PDI a favor das persoas con discapacidade, o Plaxio na Universidade, a protección da propiedade intelectual, distintos aspectos da administración electrónica e onde o secretario xeral de Universidades informou de algunhas novidades legislativas. Destaca vai comezar o funcionamento do grupo de traballo de Gabinetes xurídicos coa encomenda de desenvolver un regulamento ou Lei de convivencia e disciplina académica que despois podería negociarse coas asociacións de estudantes a través da súa sectorial para despois trasladalo ao Ministerio, para facilitar a derogación do Real decreto de 1954, o Regulamento de disciplina académica. Informa do comunicado da CRUE no que se insta aos grupos políticos e ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a mellorar as condicións laborais do persoal universitario. Para que eliminen a taxa de reposición e tomen medidas para a estabilización do traballo temporal e a mellora da promoción interna tanto do PDI coma do PAS. Do mesmo xeito, prosigue o reitor, estase a intentar, a través da Sectorial Crue-Internacionalización y Cooperación que os estudantes Erasmus con estadias superiores aos 4 meses sexan incluídos entre os beneficiarios da desaparición do 'roaming' na Unión Europea.

Continúa o seu informe, expoñendo que no “Consejo de Universidades” do estado, o ministro de Educación, Cultura e Deporte, comunicou a baixada das matrículas universitarias para os másteres non habilitantes. Tamén mantense a taxa de reposición do 100% e a posibilidade de

convocar un número de prazas de CU equivalente ós de prazas convocadas de TU. Indica tamén que se presentou unha emenda aos orzamentos de 2017 para que as prazas de profesores Contratados Doutores que queden vacantes como consecuencia dun concurso oposición ao corpo de PTU podan ofertarse sen que consuman taxa de reposición. Subliña o reitor que as melloras con respecto ao ano pasado son pequenas, polo que seguirase loitando pola eliminación da taxa de reposición. Explica que estando en trámite do Senado os orzamentos, a negociación céntrase en cambios que non teñen que estar incluídos alí, como a inclusión dos interinos que o son por imperativo legal, polo decreto do ministro Montoro de 2012, nos seus procesos de consolidación. Tamén négóciase a flexibilización da porcentaxe de Ramón e Cajal, e que a de persoas con discapacidade non conte na taxa de reposición. Informa de que nesa xuntanza tamén se aprobou sen problemas a Normativa de Permanencia da UVigo, e agradece de xeito expreso a colaboración do presidente do Consello Social que actuou de xeito moi positivo a través do seu representante dos Consellos Sociais.

Pasa a informar do acontecido no Consello Galego de Universidades: traslada que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informou de que en setembro empezárase a traballar no adianto ao mes de xullo da proba extraordinaria de acceso á universidade. En calquera caso, o cambio afectaría por primeira vez ao alumnado que se matricule en 2º de bacharelato no curso 2018/19 polo que, no caso de saír adiante esta reforma, podería realizar esa proba en xullo de 2019. Iniciarán as conversas coas tres universidades galegas, a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), tras o verán, co fin de analízalo á luz dos acordos que se tomen no marco do Pacto Educativo que se está a negociar a nivel estatal. Da conta a continuación de que o pleno do CGU informou favorablemente sobre o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia. Un ano mais se conxelan, de xeito que os prezos dos estudos universitarios oficiais en Galicia continuarán sendo os máis baixos do estado. Indica tamén que este decreto de prezos clarifícase, sistematízase e inclúe algunhas novidades entre as que, por primeira vez se tiveron en conta algunhas das nosas alegacións, aínda que lamentablemente non se aceptou a redución ao 25 dos prezos da tarifa ordinaria para materias sen docencia. Explica que a pesar de que algúns representantes dubidaban en que manter o prezo dos prezos públicos fora aplicable, e consideraban que había que incrementalos, tanto a UVigo como o reitor da UdC foron vehementes na defensa de que incrementar as barreiras sociais non supón ningún beneficio para as Universidades, xa tal como está o plano de financiamento, só suporía un aforro para a Xunta. Realiza tamén un comentario á sentenza do TSXG polo reparto do Fondo Estrutural do Plan de Financiamento (2010-2015), que da a razón á Universidade da Coruña sobre a repartición de fondos estruturais. Lembra que a institución reclamaba 7,5 millóns de euros xa que entendía que a aplicación do criterio histórico para a repartición de fondos estruturais prexudicoulles, a sentenza concede 4,2 millóns de euros, que serán distribuíndo a partes iguais ao longo de tres exercicios e que procederán de fondos autonómicos alleos ao Plan vixente. O reitor destaca que a sentenza se limita ao plan anterior, e que non afecta ao actualmente vixente nin ao financiamento das outras dúas universidades, polo que da os parabéns a UdC.

No punto final do seu informe o reitor da conta das actividades máis importantes desenvolvidas na nosa universidade, comezando por explicar que o inicio das obras da sede do Berbés está seguindo un retraso polos necesarios permisos de Patrimonio, pero confían que estea solucionado para cando se resolva o concurso. En relación coas actuacións na ETEA, informa de que se está á espera do visto e prace do Ministerio de Facenda, para que Consello de la Xunta poida aprobar

os convenios con Zona Franca e a Universidade de Vigo e poida procederse á sinatura. Namentres estase a traballar coa Zona Franca para o desenvolvemento do prego de condicións e o proxecto de reparación dos edificios históricos Siemens e Faraday, engade o reitor.

En relación cos campus de especialización, explica o reitor que a continuación inclúese o informe de actividades dos Campus de Ourense e Pontevedra, deixando o informe correspondente ao Campus do Mar e o de planificación futura ou plan estratéxico do Vigo Tecnolóxico, para despois do verán, trala publicación da delegación de competencias.

Informa a continuación a celebración das IV Xornadas de Fundraising organizadas pola Universidade Vigo lideradas polo Consello Social e a celebración da asemblea xeral da Crue, os días 8 e 9 de maio, ademais da Xunta Xeral de Universia en Vigo, coa organización por primeira vez un importante evento para Emprendedores. Da conta da posta en marcha so Observatorio de Igualdade, derivado dun dos obxectivos marcados no II Plan de igualdade entre Mulleres e Homes da Universidade de Vigo e da presentación da nova campaña de captación da Universidade baixo o lema “Na Universidade de Vigo “Todo encaixa” que quere potenciar a visión de futuro dos estudantes. Destaca o reitor que, como se ven facendo dende hai anos, trátase dunha campaña deseñada e realizada por persoal e alumnado da Facultade de CC Sociais e da Comunicación.

Para finalizar, felicita a o catedrático emérito de Dereito Romano, D. Luis Rodríguez Ennes porque ven de ser nomeado doutor honoris causa pola Universidad Nacional del Comahue, Arxentina, e de recibir a medalla de ouro do Foro Europeo Cum Laude.

3. Informe do vicerreitor do Campus de Ourense sobre o proceso de especialización do Campus da Auga no ano 2016.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense, que procede a informar das actividades máis importantes desenvolvidas no ano 2016, principiando polas reunións mantidas polo comité de dirección. Entre as actividades da área académica destaca o traballo levado a cabo no programa de doutoramento do campus da auga, que xa está verificado e preparado para ser implantado no vindeiro curso, cunha oferta de 25 prazas. Prosegue dando conta do levado a cabo na área de investigación, a de Internacionalización, e a de innovación educativa e divulgación científica. Para finalizar, o vicerreitor expón os principais proxectos futuros para desenvolver ao longo de 2017. O informe completo de actividades do Campus de Ourense achégase como **Anexo I** a esta acta.

4. Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra sobre o proceso de especialización do Campus Crea S2i no ano 2016.

A continuación, o reitor cede a palabra ao vicerreitor do Campus de Pontevedra que comeza o seu informe indicando as principais colaboracións establecidas coas administracións: a Xunta de Galicia, coa cesión das catro plantas do edificio administrativo na rúa Benito Corbal para a sede do Campus CREA S2i, a Deputación de Pontevedra, coa sinatura dun protocolo de colaboración e o Concello de Pontevedra co que se logrou unha bonificación do 95% no pago do IBI. Continúa o vicerreitor dando conta das principais actividades levadas a cabo na área académica, na área de emprendemento e transferencia, da actividade investigadora desenvolvida e das numerosas actividades culturais levadas a cabo, que fan que o Campus de Pontevedra estea a converterse no

referente cultural na cidade. Informa tamén proxecto da evolución do Green Campus e das actuacións no terreo das infraestruturas e, para finalizar, destaca de xeito especial a extensa relación de estudantes que foron galardoados ou seleccionados en diversos certames, proba do talento existente no Campus, e solicita expresamente que conste en acta

En orde cronolóxica, Laura Castillo e Catarina Barcala (do grao en Publicidade e Relacións Públicas) foron seleccionadas como finalistas de ‘EstudiantesConTalento’ entre 848 participantes. Sheila Pazos(ESDEMGA) foi unha das nove seleccionadas para a xornada que a Madrid Fashion Week dedicou a deseñadores emerxentes, así como única finalista española no International Talent Support de Trieste. Iago Souto, Alba Martín, Isabel Rey, Marta Caeiro e Ángel Rey son os cinco estudantes de Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual que gañaron o concurso internacional XMINT Project de Unicef con seu proxecto para unha aplicación para móbiles seguindo a estratexia de gamificación.

O traballo de Daniel Alonso (grao en Publicidade e Relacións Públicas) galardoado nos We Are Ads, foi seleccionado polo Concello de Pontevedra para ser un dos videos promocionais da cidade. Julián Maguna, David Fidalgo, Sheila Broullón, Borja Santomé, Iria Silvosa ou Lucía Estévez (do grao en Comunicación Audiovisual) seleccionados como finalistas no Festival de Cans (Porriño). Jonatan Toucedo, Nicolás Pérez, Iago Manoel Souto e Brais Sousa (grao en Comunicación Audiovisual) obtiveron o premio do xurado no certame Bit Shooting Star coa súa curta “Inefable” no que destacan a figura do taekwondista con discapacidade Alejandro Vidal. O proxecto de intervencións artísticas “As mil e unha grúas” de Lucía Ferreirós, Natalia Martínez e Miriam Rodríguez realizado conxuntamente con pacientes de Psiquiatría do CHOP quedou finalista nos premios Manantial 2016.

Ariadna Cordal (Grao en Comunicación Audiovisual) gañou o III Premio Contar a Ciencia convocado por La Caixa e GCiencia coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Mañá Claudia Alonso, tamén alumna do Grao en Comunicación Audiovisual, foi merecedora do IV Premio Contar a Ciencia en Santiago de Compostela. Basilisa Fiestras, María Maquieira, Diego Vites e Olmo Cuña (grao en Belas Artes) foron premiados entre 120 candidaturas coas bolsas Novos Valores 2016 de estudos artísticos que outorga a Deputación de Pontevedra.. A Facultade de Belas Artes foi seleccionada por segundo ano consecutivo como única facultade española no encontro internacional ‘Apprentice/Master’ baixo a coordinación do profesor Carlos Tejo, sendo os alumnos participantes Elisabel de Freitas, Javier Fernández, Erick Balbuena, Félix Carpio, Ventura Pérez e Yatir Fernández. Elena Rial (ESDEMGA) presentou a súa colección na Mercedes-Benz Fashion Week Madrid e recibiu o premio Mercedes-Benz Fashion Talent. Catarina Barcala (grao en Publicidade e Relacións Públicas) gañou o concurso HIV THINK TANK de CESIDA coa campaña ‘Comparte el otro lado’. Ana Moas (grao en Publicidade e Relacións Públicas) finalista do concurso ‘Versus’ do Club de Creativos entre máis de 200 participantes de facultades de toda España e gracias ao cal vai desenvolver unha serie de proxectos publicitarios en seis axencias de Madrid, e que se completará posteriormente cunha estadía en prácticas nunha destas empresas.

Lidia Dosil e Umá de Oliveira foron finalistas do concurso para novos talentos de IAB Spain, e Tamara Fernández (grao en Educación Primaria) e Rebeca López (grao en Belas Artes) gañadoras dos Premios Ernestina Otero. E, finalmente, Laura Serén (grao en Educación Primaria), Cristina Gandón (grao en Educación Primaria), Lucía Pereyra (máster en Profesorado de Educación Secundaria) e Isabela Andrés (máster en Arte Contemporánea. Creación e

Investigación) recibiron os premios Sofía Novoa Ortiz á inclusión da perspectiva de xéreno nos traballos académicos da Deputación de Pontevedra.

O informe completo presentado polo vicerreitor do Campus de Pontevedra achégase como **Anexo II** a esta acta.

5. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2016.

O reitor cédelle a palabra ao xerente, quen indica que documentación completa relativa á conta de liquidación está a disposición dos membros do CG, informa tamén que o informe de auditoría encargado polo Consello Social, no que non se recolle ningún tipo de salvedade. Explica e que o documento que se achegou coa convocatoria desta sesión é un pequeno resumo executivo que presenta de xeito breve os datos e cuestións máis salientables, achegándoos dunha forma máis sinxela, facilmente comprensibles para o conxunto da comunidade universitaria e da sociedade en xeral. Subliña que a conta sigue unha liña de continuidade e estabilidade, así, a 31 de decembro a porcentaxe de recadación foi igual que no exercicio do 2015, o que permite realizar os pagos dos compromisos adquiridos nos prazos axeitados establecidos pola normativa en vigor.

A continuación realiza unha breve presentación dos aspectos máis importantes do documento achegado modificacións de crédito realizadas, e destaca que a diferenza entre o orzamento de gastos con respecto do ano pasado se debe ao remate no 2015 de actividades importantes como o proxecto Táctica, construción e dotación do CINBIO etc, cuestións moi relacionadas coa finalización do programa marco de financiamento europeo no ano 2015. Refire que nas modificacións orzamentarias mantense a liña de anos anteriores, con xeración de crédito por ingresos, consecuencia da achega á Universidade dun maior importe de ingresos que os inicialmente estimados, ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que foron acadados para actuacións específicas, en consonancia coa política de responsabilidade na confección do orzamentos de ingresos . Indica que as incorporacións de remanente de crédito como é habitual mantense limitada e están ligados aos fondos finalistas que es acadan e que non se executan no ano en que se acadan. En canto a execución orzamentaria, destaca que o resultado é positivo e pasa a analizar o orzamento de ingresos e o de gastos, que amosan unha evolución similar a de anos anteriores, nunha liña de estabilidade. Comenta tamén a variación de nivel de execución do orzamento de gastos, cun incremento no capítulo I incrementábase debido ao incremento do gasto en complemento persoais, asó como pola aposta da universidade pola estabilidade no emprego e pola captación de retención de talento investigador. En relación co remanente de tesourería subliña, que a sentenza da Audiencia Nacional favorable á Universidade sobre a devolución das cotas do IVE, despois do moitos anos traballando a prol da investigación e a transferencia por parte da universidade, fai que o remanente dispoñible sexa maior que en exercicios anteriores, lembra que con este paso a universidade recupera os pagos do IVE xa efectuados aos provedores e non repercutidos aos procesos de investigación.

Indica o xerente que, como nos anos anteriores, a presentación de contas realizouse cumprindo os prazos establecidos, como tamén se fixo na presentación da liquidación das contas perante o Consello Social. Explica que o documento actual pasou pola comisión de Economía, delegada do Consello de Goberno, na que foi informado favorablemente Engade que, ao documento achegado incorporouse información sobre contratación administrativa e as entidades participadas (FUVI, CUSA e CITEXVI), que amosan tamén contas equilibradas que permiten un funcionamento normal e estable e tamén un apartado de indicadores que permite comprender mellor os estados financeiros da conta de liquidación.

Finaliza subliñando o equilibrio financeiro e a solvencia da universidade.

Non hai intervencións. Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

6. Aprobación, se procede, de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2016.

O reitor cédelle a palabra ao xerente, quen explica que o proceso de peche de exercicio implica que a partir unha data determinada hai unha serie de operacións que xa non se poden levar a cabo, se queremos cumprir cos prazos que nos establece a normativa a partir de finais do mes de outubro non é posible realizar modificacións orzamentarias. Unha vez aprobada a conta de liquidación do orzamento e determinado o remanente da universidade, procédese a aplicar dito remanente para cubrir as operacións que quedaron pendentes. Na documentación achegada se especifican as distintas solicitudes que se presentan con cargo ao remanente, para as que se solicita aprobación. O xerente chama a atención sobre a modificación que se fai pola convocatoria para o Anticipo de financiamento estrutural a grupos e persoal de investigación de traxectoria destacada, realizada pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia convocou axudas, que foi incluída no orzamento 2017 con carácter xenérico. Sendo desenvolvida a convocatoria con posterioridade, compre reflectir axeitadamente o concepto orzamentario.

Non hai intervencións. Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da afectación da remanente de libre disposición correspondente ao expediente do edificio institucional no Casco Vello.

O reitor manifesta que este é un tema afectado polo desenvolvemento dos prazos que afecta á sede institucional da universidade no Berbés. Cédelle a palabra ao xerente para que explique a adaptación ao período de execución.

O xerente explica que o convenio establecido coa Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establecía uns prazos de execución en períodos concretos de 2017 e 2018, que por mor das dificultades para obter as licencias e autorizacións necesarias non se poden cumprir, polo que non hai correspondencia entre os prazos reais e os previstos no convenio. Informa de que a semana pasada publicouse no DOG a licitación da obra, coa coordinación de seguridade e saúde e dirección de execución por unha parte, e por outra a propia construción do edificio. Para que ese expediente se poda executar coas maiores garantías posibles desenvólvese esta ferramenta económica, xa que, ao non coñecer os prazos reais nos que se poderá realiza a obra, non é posible realizar unha adenda ao convenio, xa que introduciría unha incerteza moi grande no proceso. Deste xeito non é necesario esperar á ter as licencias para desenvolver o proceso administrativo de contratación, o cal pode ter unha duración de ata 5 meses. Así, mentres se obteñen as licencias e se resoven incidencias relacionadas con Patrimonio, realízase o proceso administrativo de contratación; se non se fixera así, habería que esperar ás concesión das licencias para despois licitar a obra. A necesidade de avanzar fai que se presente esta proposta ao Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

8. Aprobación, se procede, da modificación do regulamento para a liquidación e tramitación de indemnizacións por razón de servizo aprobado no Consello de Goberno do 16 de decembro de 2016.

O reitor cédelle novamente a palabra ao xerente, quen manifesta que unha vez posto en marcha o regulamento para a liquidación e tramitación de indemnizacións por razón de servizo que se aprobou recentemente, detectouse que era necesario facer unha pequena modificación, fundamentalmente no que respecta á utilización do aparcadoiro do aeroporto, para adecuar a normativa á práctica máis conveniente.

Apróbase por asentimento (**Anexo V**).

9. Aprobación, se procede, da concesión administrativa para o uso privativo, pola Universidade de Vigo, do edificio sito no nº 105 da rúa Conde de Torrecedeira (propiedade nº 189 do IMBD).

O reitor cédelle a palabra ao xerente, quen comunica que unha vez rematada o prazo máximo así como as prórrogas previstas da última concesión, impulsouse o trámite de solicitude para unha nova concesión. Así, o Concello de Vigo concede unha nova concesión por 10 anos, improrrogables neste caso. Polo que se presenta a aprobación desa concesión, como require o procedemento.

O reitor informa que é o único inmovible que a universidade ten en Vigo en concesión, os demais son propiedade da universidade.

O profesor Álvarez Villamarín formula posibles dúbidas xurídicas, e manifesta non entender porque se propón ese período para a cesión, que non se xustifican na acta da sesión correspondente.

O xerente responde que o establecemento do prazo é discrecional por parte do Concello, e descoñécense os argumentos que poida ter para elo.

O profesor Álvarez Villamarín di que ao non ser prorrogable podería ocasionarse un problema se nese período a escola e a facultade se fusionaran, polo que quere saber se esa concesión está vinculada a existencia dunha escola universitaria de estudos empresariais ou como podería afectar se a universidade decide crear unha escola de negocios pública ou outro centro.

O xerente manifesta que a día de hoxe é unha concesión á universidade pero sobre o aspecto que aborda o profesor non se fixo unha análise pormenorizada, polo que non quere expoñer o que sería so unha opinión. Chegado o momento habería que estudar que se podería facer ou non en función da concesión.

O reitor di que no acordo co Concello non se explicita a actividade que a universidade lle vai asignar ao centro, aínda que o Concello ten a facultade de denunciar este acordo de concesión, polo que chegou o momento habería que estudalo.

Apróbase por asentimento a aceptación da concesión (**Anexo VI**).

10. Aprobación, se procede, de nomeamento e/ou de prórroga de profesorado emérito.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen comunica que cumprindo a Normativa de nomeamento de profesorado emérito recibíuse na vicerreitoría

no prazo establecido a solicitude do profesorado que desexan continuar a súa labor como eméritos, ou solicitalo por primeira vez.

Informa de que hai unha nova solicitude que corresponde ao profesor Luis Romani Martínez, catedrático de Física Aplicada, que cumpre con todos os requirimentos para participar nesta convocatoria e conta co informe positivo do seu departamento e da COAP, polo que proponse que se aprobe o su nomeamento como profesor emérito da UVigo.

Expón que se presentou una prórroga, a única que podía ser solicitada, que corresponde ao profesor emérito D. Pedro Merino Gómez, tamén informada favorablemente polo seu departamento, Enx. dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción, e pola COAP. A vicerreitora lembra que, na actualidade, o nomeamento de profesorado emérito é por tres anos, prorrogables por dous anos máis como máximo. Proponse a aprobación da prórroga solicitada.

Pregunta a profesora Susana Reboreda se os profesores eméritos designados pola norma anterior manteñen a duración anterior. Responde a vicerreitora que nesa situación están o prof. Luis Espada e a profesora Victoria Carballo, e poderían seguir ata un total de 10 anos, os demais réxense pola normativa nova.

Apróbanse por asentimento.

11. Aprobación, se procede, de suspensión de contrato de PDI laboral.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que recibiu na súa vicerreitoría a solicitude do profesor Ángel Barajas Alonso, pertencente ao Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, para a suspensión por un ano do seu contrato, para incorporarse a dirixir o "Laboratorio Internacional de Economía Intanxible" dentro da Universidade Nacional de Investigación Escola Superior de Economía (en San Petersburgo, Rusia).

Explica a vicerreitora que esta solicitude de suspensión do contrato por un ano é, para a condición de persoal laboral do profesor, equivalente á comisión de servizos do persoal funcionario e sería susceptible de prorrogarse por un ano máis. Engade que consta que conta cos informes favorables do departamento e a COAP.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, dun recoñecemento docente especial ao profesor Santiago Lago Peñas como representante de Galiza na Comisión para a reforma do financiamento autonómico.

Comenta o reitor que a UVigo conta cunha normativa xeral, aprobada anualmente no Consello de Goberno, que recolle os recoñecementos docentes das actividades do profesorado. Cando algunha solicitude de valor estratéxico para a universidade non encaixa na normativa, esa excepcionalidade sométese a consideración do CG.

O reitor comenta que este recoñecemento xa se aplicou anteriormente de xeito transparente para situacións de especial interese para a universidade que se produciron, como, por exemplo, cando se puxo en marcha algún centro tecnolóxico ou nos casos de nomeamentos de persoas para participar en institucións internacionais que desenvolven funcións de valor estratéxico para a universidade. Neste caso trátase do nomeamento por parte do Parlamento de Galicia dun

catedrático da Universidade de Vigo como representante de Galicia na negociación sobre o modelo de financiamento das autonomías do Estado español. Por iso, o conselleiro de Facenda pide todo o apoio posible para este profesor. Para a universidade é unha honra esta designación, polo que negociouse co profesor, e se concreta este recoñecemento por valor de 90 horas na súa dedicación académica, como apoio á súa actividade consecuencia deste nomeamento.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da modificación técnica da Normativa de Permanencia.

O reitor comenta que a Normativa de permanencia xa está aprobada en todos os órganos, pero que, despois do seu paso polo Consello Social, precisa duns cambios técnicos segundo os xuristas da universidade, que deben ser avaliados polo Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen lembra que a Normativa de Permanencia foi aprobada polo Consello de Goberno do 26 de decembro e recibiu o informe favorable do Consejo de Universidades no mes de maio. Explica que por mor da aprobación da nova RPT nese período, no pleno do Consello Social do 12 de xuño presentouse unha modificación técnica para adaptala á nova RPT.

A vicerreitora explica que o antigo Servizo de Alumnado dividiuse en tres servizos: o servizo de xestión de estudos de grao, o servizo de xestión de estudos de posgrao e a sección de bolsas. Como consecuencia, considerouse oportuno adaptar a comisión á que se fai referencia no artigo 13 a esta nova situación, incorporando á mesma á xefatura de estudos de grao e a de posgrao, unha como vogal e outra exercendo a secretaría. Así mesmo, tamén se propoñen dúas pequenas modificacións técnicas no artigo 9 (cambio da orde nos puntos 5 e 6) e no artigo 14.3: engadir ao final da redacción: "*do que se dará traslado ao Consello Social no caso que proceda*" como se sinala na documentación que se achega (**Anexo VII**).

Intervén a profesora Susana Reboreda e os representantes do alumnado destacan un erro no informe emitido polo Consejo de Universidades, no que figura "Universidade de Extremadura" no lugar da Universidade de Vigo.

O reitor manifesta que os erros corrixiranse, sen que afecten en absoluto á normativa

Apróbase por asentimento.

14. Transformación, se procede, do Club Deportivo Universidade de Vigo nunha sección deportiva.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Explica o vicerreitor que co gallo de facilitar a práctica deportiva federada polos membros da comunidade universitaria, a Universidade de Vigo constituíuse no seu día como Club Deportivo Universitario. A entrada en vigor da lei 3/2012 do deporte de Galicia supuxo a necesidade de adaptar dito modelo organizativo ó disposto nesa lei para as entidades deportivas.

Feitas as consultas legais oportunas, a forma xurídica máis acaída de entre as distintas opcións contempladas na Lei, sería a Sección Deportiva recollida no Artigo 50 da mesma, de xeito que "As entidades públicas ou privadas de personalidade xurídica, con sede ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia e constituídas de acordo á súa respectiva normativa poderán

acceder ó Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia cando desenvolvan actividades deportivas de carácter accesorio en relación ao seu obxecto principal mediante a creación dunha sección deportiva”.

Continúa explicando que, segundo dito artigo, as seccións deportivas terán, para os efectos deportivos, de organización e administración os mesmos dereitos e deberes que os clubs deportivos, e as súas funcións serían as de:

- Canalizar a participación da Universidade de Vigo e das persoas pertencentes á comunidade universitaria en competición e eventos deportivos oficiais federados.
- Impulsar e organizar actividades e eventos deportivos propios.
- Colaborar con outras entidades deportivas na promoción dun estilo de vida activo e saudable no ámbito de actuación da universidade.
- Todas as funcións que os Estatutos da universidade e outras disposicións legais ou regulamentarias lle poidan atribuír.

Prosegue indicando que para completar a creación da nova sección deportiva, é preciso proceder ao seu rexistro, para o cal, é necesario achegar, entre outra documentación, as normas internas de funcionamento e a certificación do acordo expreso do órgano de goberno que manifestará a súa intención de crear a sección deportiva, a forma de organización, o réxime de administración, e o resto dos requisitos previstos na normativa deportiva. Por iso, preséntase tamén nesta sesión unha proposta de regulamento de réxime interno da sección que se propón crear.

Dito regulamento recolle:

- A natureza e obxectivos da sección deportiva, que se crea basicamente para organizar e regular a participación da Universidade de Vigo en competicións e eventos deportivos no ámbito federado, tal e como se establece no artigo 50 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- Do goberno e a representación da Sección deportiva, que corresponde á persoa titular da vicerreitoría con competencias en deportes, e as súas dependencias (xefatura de servizo, área de benestar, saúde e deporte).
- Das persoas integrantes da sección, é dicir, todas as deportistas, delegadas, adestradoras e/ou técnicas con licenza federada pola Universidade de Vigo, e dos seus dereitos e obrigas.

Finaliza o vicerreitor resumindo que continuarase a funcionar do xeito que se fai agora pero adaptado á lei galega do deporte, polo que propón é a aprobación da creación da sección deportiva e tamén o regulamento de réxime interno da mesmo.

Non hai intervencións polo que se aproba (**Anexo VIII**) por asentimento, coa abstención expresa de Luis Pérez.

15. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración para a promoción de actividades culturais ou deportivas.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen comenta que dentro das iniciativas cara a promoción dun estilo de vida saudable a través da práctica deportiva, a Universidade de Vigo, a través da Área de Benestar, Saúde e Deporte téntase chegar a acordos con institucións públicas e privadas de maneira que se facilite o acceso ás actividades,

instalacións, produtos e/ou servizos destas institucións ós membros da Comunidade Universitaria. Para axilizar este tipo de acordos e dotalos dunhas características normalizadas propónse este modelo de convenio, de xeito que unha vez aprobado, os novos convenios que se desenvolvan con este fin que se adapten á literalidade do modelo non requirirán informes previos para a súa tramitación e posterior aprobación.

A modo de resumo, o convenio regula a vixencia dos acordos (máximo de 4 anos, cunha única prórroga dun máximo de 4 anos adicionais), o proceso de comunicación do programa de vantaxes e a súa revisión e actualización, o acceso dos membros da comunidade universitaria a dito programa, a publicidade do mesmo, os seguros e o control da execución do convenio.

Propónse que se aprobe este modelo para poder tramitar de xeito áxil os acordos con entidades que poidan beneficiar a toda a comunidade.

Apróbase por asentimento o modelo de convenio proposto (**Anexo IX**).

16. Aprobación, se procede, do Regulamento do Patrimonio.

Informa o reitor de que está invitado a participar o vicexerente de Xestión Económica e Asuntos Xerais a quen lle cede a palabra para a presentación deste punto. Comenta o vicexerente que diversas necesidades xurdidas nos últimos anos levan a establecer unha normativa básica sobre os bens patrimoniais da UVigo, dado que non existía unha normativa específica, así como definir os órganos responsables das distintas actuacións en relación co patrimonio. Salienta outro motivo que sustenta esta normativa, que é a necesidade de xestionar as marcas da universidade, rexistradas na oficina española de patentes e marcas, que non se podían explotar por non haber unha normativa específica que potenciase o procedemento para a explotación das marcas.

A continuación o vicexerente fai un breve percorrido polo articulado do Regulamento de patrimonio: descricións dos tipos de bens, delimita as condicións de autorización para concesión como utilización de espazos, detalla as condicións de explotación e os procedementos e responsables para o alleamento dos bens. Finaliza indicando que non se avanzou moito no apartado de inventario nesta normativa, porque se entende que o inventario da universidade está afecto ás normativas contables e orzamentarias, que xa están reguladas mediante instrucións xerenciais, por iso non se fai mención expresa no apartado de patrimonio.

Non habendo intervencións ao respecto, apróbase por asentimento (**Anexo X**).

17. Aprobación, se procede, da Normativa de cesión de espazos.

Cede o reitor a palabra novamente ao vicexerente, quen comenta que é complementaria da anterior (Reg. Patrimonio). Explica que se separou dela, xa que non aborda a propiedade dos bens, senón a cesión deles a terceiros alleos á universidade. Con esta normativa búscase regular o que xa se estaba facendo na UVigo. Fai un pequeno resumo do que se regula na normativa, así como dos procedementos establecidos.

Intervén o representante do estudantado, Ernesto Vázquez, pregunta sobre o réxime de uso da Casa das Campás. O vicexerente comenta que esta normativa está pensada para regular o uso por parte de empresas alleas ou axentes externos que buscan alugar locais da universidade (aulas, salóns de actos, instalacións deportivas etc.) sempre que non se vexa alterada a actividade

universitaria; non entraría no ámbito de aplicación edificios dedicados á investigación ou a Casa das Campás.

Subliña o reitor que é unha cesión do Concello de Pontevedra e que está regulada por un convenio específico.

Apróbase por asentimento (**Anexo XI**).

18. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias do Mar.

O reitor cédelle a palabra á secretaria xeral, quen lembraa que os Estatutos da Universidade de Vigo dispoñen que é función da Xunta de Centro *A elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno*, establecendo que é competencia do Consello de Goberno a súa aprobación.

A Xunta de Centro da Facultade de CC. do Mar aprobou o seu Regulamento de réxime interno na sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2017, sendo enviado á Secretaría Xeral para a súa tramitación. Solicitado o correspondente informe da Asesoría Xurídica, detectáronse pequenos desaxustes ás novas leis 39 e 40 de 2015 de Procedemento administrativo común e Réxime Xurídico del Sector Público, que xa foron corrixidas no texto que se presenta a este Consello de Goberno para a súa aprobación.

Apróbase por asentimento (**Anexo XII**).

19. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Memorando específico de colaboración entre a Universidade de Vigo coa Universidade de Cabo Verde para a colaboración no proxecto EMPREAMAR CV – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Tifari (República Árabe Saharaui Democrática) – Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Universiti Sains Malasia* – Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e *The Center For Water Research And Technology* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo para a colaboración no desenvolvemento das actividades da rede de investigación "TECANDALI" – Convenio de colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de Morelos* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université de Moncton* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico do Cávado e do Ave* – *Co-operatlon framework agreement between the Universidade de Vigo and Rajalakshmi Institutions* – *Specific agreement between the Universidade de Vigo (spain) and Rajalakshmi Institutions for students' exchange* – Convenio marco de colaboración interinstitucional entre o *Instituto Nacional de Pesca del Ecuador* e o Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar" – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster universitario en Xeoinformática.

Apróbanse por asentimento.

20. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 2 PDI.

Non se presentaron candidaturas, polo que os postos seguen vacantes.

21. Rogos e preguntas.

Solicitan intervir Ernesto Vázquez-Rey Farto e Xosé Carlos Álvarez Villamarín.

Intervén o alumno, Ernesto Vázquez-Rey, quen pregunta sobre o *skate-park* que segundo a prensa está previsto instalar no Campus de Pontevedra, na parcela 1 á entrada ao Campus. Comenta que, sen estar a favor ou en contra da devandita instalación, tiña noticias de que nesa parcela, no futuro, se poderían situar a Biblioteca Central ou unha residencia de estudantes, polo que pregunta se é conveniente para a UVigo perder a posibilidade de uso dese espazo.

O reitor afirma que a UVigo nunca vai perder a posibilidade de uso de espazos e que a instalación da que se está a falar non é unha instalación permanente. Para aclarar estes aspectos cédelle a palabra ao vicerreitor do Campus de Pontevedra, quen explica que a proposta de construción da biblioteca era de 2006, que no plan de ordenamento actual a parcela nº 1 é un espazo verde, polo que non permite unha construción permanente. O vicerreitor explica a situación na que se atopaba a parcela, utilizada como depósito ou vertedoiro, ou mesmo como zona de pasto para un cabalo. Comenta a importancia desa parcela por ser a primeira imaxe do Campus, polo que na actualidade estableceuse un sendeiro e unha pequena praza cun acceso á avenida de Compostela, onde hai unha parada de autobús. Subliña o vicerreitor que se trata dun sendeiro accesible a discapacitados e que proximamente instalaranse farois e bancos. Respecto ao *skate-park*, comenta que aínda non está asinado o acordo para a súa instalación, pero que lle parece que serviría para revitalizar un espazo e, ao mesmo tempo, un xeito de integrar o Campus na cidade, así como atender unha reclamación histórica dunha comunidade bastante importante na cidade. Insiste na idea de que non se pode construír nesa parcela e que a universidade non perde espazos, ao contrario, xa que por mor do convenio coa Xunta de Galicia, agora a UVigo gaña catro plantas no centro de Pontevedra no edificio da Xunta, na rúa Benito Corbal.

O reitor cede a palabra ao profesor Álvarez Villamarín, quen quere facer un comentario sobre os prezos públicos dos máster en relación co informe do reitor. Entende que reducir os custes do acceso aos estudos superiores sempre é bo, pero que levar ao extremo os argumento pode traer consecuencias negativas. Comenta que en determinados ámbitos, como son o da empresa ou a economía, necesítanse unha grande cantidade de recursos para atraer persoal con alta cualificación profesional. Manifesta a desmotivación existente entre o profesorado que xera esta situación. Comenta a situación dalgún máster do SUG, onde os estudantes que o cursaron manifestan que consistiu nun repaso do que estudaran na titulación de grao; di que en determinados máster hai que buscar profesionais que enchan o título de contido. Di que a universidade pública non pode competir coas universidade privadas, onde máster con custes de 15000 €cobren todas as súa prazas. Insiste en que de non facer nada, o campo dos máster de alta cualificación déixase libre para a iniciativa privada. Conclúe que, estando de acordo coa filosofía do manifestado polo reitor no seu informe, non coincide totalmente coa súa utilidade en todos os ámbitos.

O reitor explica que o problema non se resolve subindo os prezos, porque, en Galicia, de acordo co plan de financiamento e as normas de prezos públicos, todo o que se cobre de máis, déixase de recibir da Xunta de Galicia, polo que non revirte nas universidades. No actual marco normativo, a suba dos prezos non é a solución, hai que buscala por outras vías. Respecto deste

problema, o reitor comenta que a universidade solicitou a posibilidade de financiar o crédito do máster de xeito equivalente, como mínimo, ao do grao, aínda que debería ser o dobre, para atender as necesidades de financiamento, así como cambios no ámbito normativo. O reitor comenta como exemplo que todo aquilo que se recada de máis coas segundas e sucesivas matriculas recupera a facenda pública, non revirte na universidade. Polo tanto, reafírmase en que a suba dos prezos non é a solución e asómbrase de que se utilice este argumento na prensa ou no ámbito do sistema universitario.

O profesor Álvarez Villamarín fai unha reflexión sobre a perda de contacto cos alumnos da universidade, xa que segunda a normativa actual unha vez pasados os dous anos de que estes se desvincularan dela, xa que se lles cancela a conta de correo da UVigo. Cre que se lles debería ofrecer a posibilidade de seguir en contacto coa universidade cando se lles comunica a cancelación da súa conta de correo; desta maneira evitaríase perder ese capital humano.

O reitor explica que sobre este tema xa se está traballando hai uns anos co observatorio de egresados, para ter un arquivo de datos de contacto dos egresados e non perder ese potencial.

A vicerreitora de Estudantes comenta que lle parece boa idea ofrecerlles a posibilidade de seguir en contacto coa universidade cando se lles comunica a cancelación da súa conta. Ademais a través do observatorio de Luis Espada estase facendo todo o posible por recuperar ese contacto cos egresados.

O reitor di que a diagnose está feita; que se está a traballar dende hai case catro anos para recuperar o histórico de datos.

A continuación o reitor cédelle a palabra á secretaria xeral, para que formule unha pregunta e un rogo do profesor Martín Llamas, que tivo que ausentarse do Consello de Goberno, á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Pregunta se xa está constituído o grupo de traballo para estudar os novos criterios para a promoción ás prazas de catedráticos e profesores titulares de universidade, que se pediu no Consello de Goberno de decembro de 2016. Roga que, de non estar creado, se constitúa.

O reitor responde que, como se comentou no seu informe, para a aprobación da oferta de emprego público se estaba á espera da aprobación dos orzamentos, para así desenvolver todo proceso.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h do día 19 de xuño de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris